



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Secretaría Xeral do Mar

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



galicia

RECOMENDACIÓNS SOBRE A COMPOSICIÓN DA ORGANIZACIÓN CANDIDATA

O desenvolvemento local participativo é un instrumento que consiste en ceder á iniciativa de planificación as comunidades locais organizadas en asociacións que elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado.

O desenvolvemento local participativo debe ser levado á práctica mediante un planeamento ascendente por asociacións locais cuxos membros pertencen ao sector público e privado e á sociedade civil e representen axeitadamente á sociedade local. Os grupos elaborarán e aplicarán estratexias de desenvolvemento local participativo multisectoriais e integradas que respondan ás necesidades da súa zona pesqueira local.

As asociacións deben ser sempre representativas dos diferentes axentes socioeconómicos. Deberían permitir a integración nela de todas as entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outra entidades sen ánimo de lucro, así como administracións locais e entidades públicas dependentes destas, dentro do ámbito territorial correspondente, non permitindo en ningún caso a participación de persoas físicas ou xurídicas con ánimo de lucro. Poderán participar entidades de ámbito suprazonal sempre que non existan entidades da mesma natureza a nivel zonal.

Á vista das diversas consultas realizadas sobre os socios potenciais dunha organización candidata, realízanse as seguintes recomendacións á ter en conta por unha asociación que pretenda ser grupo de acción local do sector pesqueiro:

No caso dun socio potencial cuxo ámbito sexa suprazonal, o grupo deberá valorar as seguintes cuestións:

a) Se as respostas a algunha das seguintes cuestións son afirmativas, non debería ser socio do grupo:

1. É unha entidade ou persoa xurídica con ánimo de lucro?
2. Existen entidades da mesma natureza a nivel local?
3. O socio potencial, ten como membros a entidades que xa teñen sede social no territorio?
4. Existen no territorio entidades que xa representen os intereses dos colectivos incluídos na entidade suprazonal?



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas



b) Se as respostas a algunha das seguintes cuestións son negativas, non debería ser socio do grupo:

1. É unha entidade que representa intereses socioeconómicos da zona pesqueira proposta?
2. É unha entidade relevante tanto na súa esfera de actuación como no ámbito territorial da zona pesqueira, o que asegura un elevado grado de representatividade a nivel local?

c) Aspectos a ter en conta cando a entidade suprazonal é relevante e representativa de intereses socioeconómicos da zona pesqueira e ademais non existen entidades a nivel local que representan os mesmos intereses:

1. Ten sede ou domicilio social na zona pesqueira proposta?
2. Se ten o domicilio social fora da zona pesqueira:
 - i. Os seus, asociados teñen actividade significativa na zona pesqueira?
 - ii. Os seus asociados, teñen actividade significativa en territorios contiguos?
3. Cal é a súa contribución á asociación? Qué valor engadido aporta á asociación?. Describilos.

d) Si tras a valoración anterior, o grupo considera que a afiliación dunha entidade suprazonal é importante, debe xustificarse:

1. Que a entidade é relevante e representativa dos intereses socioeconómicos da zona pesqueira, e que ademais asegura un elevado grado de representatividade a nivel local.
2. Que non existen entidades a nivel local que representen os mesmos intereses ou os intereses dos colectivos incluídos na entidade suprazonal.
3. Cal é a contribución da entidade á asociación (grupo).

